

1ª Edición

CONCURSO DE MURAI: “DANIEL R. CASTELAO. CONSTRUINDO A GALIZA”

O objetivo de este concurso é o de fomentar a actividade creativa potencializando a consciencia nacional do noso povo.

Os muros escollidos para a realización dos murais deben estar en estado de deterioración e, sempre que seja posible, dentro das pautas que marca a legislación municipal vigente.

Recomendamos tirar unha imaxe da situación do muro antes de fazedes o vosso traballo.

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas as galegas e galegos, de maneira individual ou colectiva, incluíndo aquelas que se encontrarem na emigración, encaminhando os seus traballos no prazo indicado nas presentes bases.

2.- CATEGORIAS

Estabelece-se unha única categoría.

3.- TEMÁTICA

A temática das obras presentadas terá que ter unha ligazón obrigatoria con a Galiza como nación e/ou o seu dereito a decidir. Dentro da liberdade creativa de cada artista, recomendamos que se recolla a legenda “Construindo a Galiza”.

4. - PRAZOS

- Os traballos poderán presentar-se de 17 de maio a 1 de setembro, encaminhando unha foto do mesmo ao enderezo electrónico: coordenadora@viagalega.gal. No corpo da mensaxe terá de assinalar-se o título e a persoa ou persoas autoras.
- A Plataforma Via Galega comunicará o 15 de setembro o mural gañador.

5.- O XÚRI

- O xúri será composto por cinco persoas, 3 ligadas ao mundo das artes e 2 da coordinadora da nosa entidade.
- O xúri reunirá-se na primeira semana de setembro, emitindo ditame nese mesmo día e con carácter inapelable

- Se assi se considerar, o prémio poderá ficar deserto.

6.- PRÉMIOS

Concederám-se prémio aos dous melhores murais, segundo o ditame do júri, emitido o dia da sua realização, que consistirám em:

1º Figura comemorativa realizada *ad hoc*

2º Lote de obras editadas polas entidades que compondem Via Galega.

Os prémios som únicos, independentemente do número de pessoas que participarem na realização dos murais

7.- OUTROS REQUISITOS

As pessoas participantes cedem de modo gratuito os direitos de reprodução e comunicação pública das suas criações, com o fim de que o mural premiado, e os restantes, poidam ser divulgados a través do web e das redes sociais da Plataforma Via Galega.

A participação no concurso supom a aceitação destas bases e o incumprimento dalgumha implicará a non aceitação do trabalho apresentado.

Qualquer questom referida à interpretação e esclarecimento das bases corresponde à organização, non cabendo contra ela nengumha reclamação.

CONCURSO DE MURAI: “DANIEL R. CASTELAO. CONSTRUINDO A GALIZA”

O obxectivo de este concurso é o de fomentar a actividade creativa potenciando a conciencia nacional do noso pobo.

Os muros escollidos para a realización dos murais deben estar en estado de deterioración e, sempre que sexa posíbel, dentro das pautas que marca a lexislación municipal vixente.

Recomendamos tirar unha foto da situación do muro antes de facerdes o voso traballo.

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas as galegas e galegos, de maneira individual ou colectiva, incluíndo aquelas que se encontraren na emigración, encamiñando os seus traballos no prazo indicado nas presentes bases.

2.- CATEGORÍAS

Establécese unha única categoría.

3.- TEMÁTICA

A temática das obras presentadas terán que ter unha ligazón obrigatoria con Galiza como nación e/ou o seu dereito a decidir. Dentro da liberdade creativa de cada artista, recomendamos que se recolla a lexenda “Construindo Galiza”.

4. - PRAZOS

- Os traballos poderán presentarse de 17 de maio a 1 de setembro, encamiñando unha foto do mesmo ao enderezo electrónico: coordenadora@viagalega.gal. No corpo da mensaxe terán de asinalarse o título e a persoa ou persoas autoras.
- A Plataforma Vía Galega comunicará o 15 de setembro o mural gañador.

5.- O XURI

- O xuri será composto por cinco persoas, 3 ligadas ao mundo das artes e 2 da coordinadora da nosa entidade.
- O xuri reunirse na primeira semana de setembro, emitindo ditame nese mesmo día e con carácter inapelábel
- Se así se considerar, o premio poderá ficar deserto.

6.- PRÉMIOS

Concederanse premios aos dous mellores murais, segundo o ditame do xúri, emitido o día da súa realización, que consistirán en:

1º Figura conmemorativa realizada *ad hoc*

2º Lote de material de obras editadas polas entidades que compoñem Vía Galega

Os premios son únicos, independentemente do número de persoas que participaren na realización dos murais

7.- OUTROS REQUISITOS

As persoas participantes ceden de modo gratuito os dereitos de reprodución e comunicación pública das súas creacións, con o fin de que o mural premiado, e os restantes, poidan ser divulgados a través do web e das redes sociais da Plataforma Vía Galega.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases e o incumprimento dalgunha implicará a non aceptación do traballo presentado.

Calquera cuestión referida á interpretación e esclarecemento das bases corresponde á organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación.